

**DECRETO CONVOCATORIA XGL - EXP. Nº: 2026/G005/000037.**

**Excma. Sra. alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo, D.<sup>a</sup> MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ.**

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión ordinaria da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **luns, día 24 de agosto de 2026, ás 10.00 horas**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

**ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA, MEDIO AMBIENTE, XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS HUMANOS, SEGURIDADE, DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIOAIS**

**DESENVOLVEMENTO LOCAL**

1. PROPOSTA DE APROBACIÓN DA APERTURA DA CONVOCATORIA E DAS BASES XERAIS REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS ÁS ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A DINAMIZACIÓN ECONÓMICA, QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DA DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS, PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2026.

**ÁREA DE GOBERNO DE ECONOMÍA, PARTICIPACIÓN, SERVIZOS Á VECIÑANZA E BENESTAR ANIMAL**

**CONTRATACIÓN E PATRIMONIO**

2. CONTRATACIÓN DA OBRA DE ABASTECIMENTO DE AUGA Á PARROQUIA DE SAN MARTIÑO DE OMBREIRO (LUGO). OBRA INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN 2026. EXP. REF.2026/C002/000009. ADXUDICACIÓN.

**MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS**

**ROGOS E PREGUNTAS**

O que se comunicará aos membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, na Secretaría Xeral.

**ACTAS E GOBERNO**

AMRG/ydg

Ref: 26decreto059

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24-8-2026

Ao abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión á titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e ao interventor xeral municipal.

Así mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 16.6 do ROMGA, convóquese á concelleira dona María Reigosa Castro.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ao disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

*Asinado dixitalmente pola alcaldesa presidenta, dona María Elena Candia López.*